

Expediente	499/2025
Procedemento	Actividades ou cursos
Asunto	II MERCADO DE MODA E COMPLEMENTOS DE SEGUNDA MAN DO CONCELLO DO ROSAL
Documento	Bases para a celebración do II Mercado

1º.- OBXECTO

O Concello do Rosal, organiza o II MERCADO DE MODA E COMPLEMENTOS DE SEGUNDA MAN, co obxectivo de dar a oportunidade de vender ou trocar produtos de segunda man, nunha xornada que estará acompañada por actividades lúdicas para a rapazada, música en directo e postos de comida.

Este mercado é unha maneira sostible e ética de consumir roupa e minimizar o impacto da industria téxtil e os residuos que xera

2º.- LUGAR, DATA E HORARIOS

O mercado de segunda man celebrarase o **domingo 25 de maio de 2025** na praza do Calvario en horario ininterrompido de 11:00h a 20:30h.

3º.- PARTICIPANTES E REQUISITOS

3.1. Poden participar no mercado todas as persoas interesadas en ofertar os seus produtos sempre que sexan artigos de segunda man, e que cumpran algún destes requisitos:

- Ser persoas físicas maiores de 18 anos.
- Ser persoas físicas de entre os 14 e 18 anos representados e autorizados polo pai/nai ou titor/a ou representante legal.
- Ser unha asociacións sen ánimo de lucro.

3.2. A actividade terá carácter gratuito para expositores e visitantes.

3.3 O número de postos cedidos polo concello limitase a 23. (Anexo I)

4º FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día 15 de abril ás 9:00h ata o día 30 de abril ás 14:00h.

4.2. As solicitudes presentaranse dalgún dos seguintes xeitos:

- Presencialmente no Rexistro do Concello do Rosal de 09:00 a 14:00h.
- A través da sede electrónica do Concello do Rosal, na instancia habilitada para o mercado de segunda man:
<https://orosal.sedelectronica.es/info.0>

- En calquera das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP. De empregar esta opción deberanse observar o seguinte:
 - As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a Funcionario/a de Correos.
 - De non empregar o Rexistro do Concello, a/s persoa/s aspirantes deberán dirixir ao enderezo electrónico: informacionxjuvenil@orosal.gal con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de participantes admitidos.

4.3. As persoas participantes deberán indicar na instancia o seguinte:

- Persoa solicitante do posto, e representante en caso de ser menor de idade.
- Que tipo de produto vai ofertar dos indicados no apartado 5 (todos os que queira).

4.4. Xunto coa instancia de participación no mercado de segunda man, debe aportarse a seguinte documentación:

- Solicitud de inscrición cuberta e asinada.
- Autorización de menores.
- Copia do DNI das persoas representantes dos menores de idade.
- As asociacións deben aportar copia do CIF e copia do DNI da persoa representante.

5º.- PRODUCTOS A EXPOR

5.1. Os artigos que se poden vender ou intercambiar son prendas de roupa ou complementos de segunda man, e non deben supor ningún risco ou danos para o comprador (deben manter todas as condicións de seguridade e saúde).

5.2. Os propietarios dos produtos serán os únicos responsables da legal procedencia dos mesmos.

5.3. Os artigos que se aceptarán no mercado son os seguintes:

- Roupa para nenos/as
- Roupa para adultos
- Bolsos
- Bixutería, xoiería, etc.
- Bixutería, xoiería, etc.
- Complementos: bufandas, fulares, cinturóns, etc.

- Calzado.

5.4. Os artigos que non se permitirá poñer á venda son:

- Roupa interior.
- Produtos de restos de comercios.
- Produtos de artesanía.
- Produtos de elaboración propia.

6º.- ZONA DE EXPOSICIÓN. MONTAXE E DESMONTAXE

6.1. Cada participante terá a súa disposición unha mesa cunha dimensión de 2,20 metros de largo por 2 metros de alto e 85cm de ancho para a venda e/ou troco dos seus produtos. Permitiranse engadir dous metros adicionais no ancho do posto (1 metro máximo por cada lado do posto) para engadir soportes ou expositores para expoñer os artigos en venda, así como todo o que crean convinte para decorar o posto.

6.2. O horario da montaxe dos postos será de 09.30h a 10.30h. Permitirase o paso dos vehículos autorizados o tempo suficiente para baixar a mercancía, despois haberá que retiralos a un lugar axeitado, de tal xeito que ás 11:00h da mañá a praza ten que estar libre de vehículos.

Se as 10:30 h da mañá o titular non tivera montado o posto, a organización poderá facer uso do mesmo.

6.3. O horario de desmontaxe será dende as 19:30h como mínimo, e as 20:30h como máximo, debendo estar todo recollido as 22:00h.

6.4. A persoa responsable do posto será a encargada de deixar o espazo empregado en perfecto estado, eliminando tamén posibles residuos.

7º.- ADMISIÓN E ADXUDICACIÓN DO POSTO

7.1. Os postos serán adxudicados por orde de rexistro de entrada, habendo 23 postos dispoñibles, que cederá e colocará o concello.

7.2. O concello resérvase o dereito de suspender o mercado polas condicións meteorolóxicas, por falta do número mínimo de expositores que cumpran os requisitos establecidos e de modificar a superficie ou sitio adxudicado, se circunstancias excepcionais o requiren.

7.3. O concello resérvase o dereito de modificar a colocación dos postos se as circunstancias así o requiren.

8º.- OBRIGAS DOS EXPOSITORES

8.1. Os participantes asumen as seguintes obrigas:

- a) Se o participante non acude ou non pode xustificar como motivo de forza maior, será excluído das próximas edicións.
- b) Sempre haberá unha persoa que supervise o posto.
- c) Manter un bo estado de limpeza e conservación dos postos e do espazo empregado.
- d) Ter os prezos visibles.
- e) Montaxe e desmontaxe do posto.
- f) Asegurar a seguridade dos produtos expostos durante o desenvolvemento do mercado, contra roubos e danos que poidan ocorrer no posto. A Organización declina calquera responsabilidade sobre a produción destes feitos.
- g) Cada participante acepta a transferencia de dereitos de imaxe ao concello para publicar fotos ou vídeos da actividade que poidan ser utilizados para os propósitos que considere oportunos, sempre no marco da lei.

9º.- EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADE POR PARTE DA ORGANIZACIÓN

9.1. A organización non se fai responsable do que poida ocorrer entre o público e o vendedor. A organización non é interlocutor nin mediador.

9.2. A organización non se fai responsable do estado do material presentado polos participantes nin das condicións de venda do material.

9.3. A organización non se fai responsable dos danos, directos ou indirectos, ou do roubo do material exposto e que teña lugar no recinto do mercado, durante as horas do mercado, incluído o tempo necesario para a montaxe e a desmontaxe.

9.4. A organización non se fai responsable dos danos, directos ou indirectos que puidesen causar as condicións meteorolóxicas do día do mercado.

9.5. Cada participante é responsable, de calquera dano ou lesión, directa ou indirecta, que se produce como resultado dunha mala posición dos materiais que trouxeron e están expostos no seu stand, eximindo á organización de calquera responsabilidade.

10º.- SORTEO

10.1. O Concello do Rosal organiza dous sorteos relacionados coa temática do mercado a través da rede social Instagram, no perfil do mercado de segunda man: @rularouparosal.

10.2. Os premios serán: un conxunto de complementos doado por "Sara Vargas Lemos" (@vargaslemos) e unha chaqueta feita a man por "Eduar Clothing" (@eduardclothing).

10.3. O sorteo será promocionado no perfil @rularouparosal, onde se publicarán as bases e os prazos para participar. Está aberto a todo o público.

11º.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN

10.1. Os solicitantes, coa presentación da súa solicitude, aceptan as presentes bases e obríganse a cumprilas.

10.2. As bases de participación, estarán dispoñibles na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do Concello do Rosal.


10.3. Seguindo o regulamento de protección datos persoais, as persoas solicitantes autorizan o tratamento dos datos facilitados polo Concello do Rosal só cos fins asociados á xestión deste mercado. As persoas solicitantes poder exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dirixíndose ao correo notifica@orosol.gal ou vía postal a Praza do Calvario, nº1, CP36770 O Rosal.

En O Rosal, abril de 2025

A ALCALDESA

Documento asinado electronicamente

ANEXO I



Mapa estimación da colocación dos postos do Mercado de roupa de segunda man "RulaRoupa".